

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a Normativa que regula as bolsas de emprego para a contratación do profesorado substituto

Artigo 1. Bolsas de emprego	1
Artigo 2. Activación	1
Artigo 3. Vixencia.....	1
Artigo 4. Procedemento de selección	2
Artigo 5. Contratación	2
Disposición adicional. Habilitación.....	2
Disposición transitoria. Réxime transitorio.....	3
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	3
Disposición final. Entrada en vigor	3

Artigo 1. Bolsas de emprego

1. Poderán crearse bolsas de emprego para cubrir necesidades docentes que se produzan por causas xustificadas e sobrevidas e que non se poidan cubrir coa dispoñibilidade docente existente nunha determinada especialidade de coñecemento.
2. As convocatorias de bolsas de emprego realizaranse por proposta do consello de departamento correspondente.
3. Polo seu propio carácter, nas ditas convocatorias non se incluírán nin o réxime de dedicación nin a duración do contrato.

Artigo 2. Activación

Cando nunha especialidade de coñecemento sobreveñan ao longo do curso académico necesidades docentes que non se puideren atender cos recursos de que dispón, o departamento responsábel da docencia poderá solicitar á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado a activación da bolsa de emprego que corresponda para contratar profesorado substituto.

A vicerreitoría, logo de valorar a necesidade de contratar e coa autorización previa da comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado, poderá acordar a contratación, coa dedicación que corresponda, a través da bolsa de emprego. En casos de urxencia, a vicerreitoría poderá resolver sobre a contratación e darlle conta posteriormente á comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado.

Artigo 3. Vixencia

Con carácter xeral, as bolsas de emprego estarán vixentes, ademais de no curso en que se resolva a convocatoria, nos dous cursos posteriores. Este período de vixencia poderá prorrogarse por dous cursos adicionais sempre que, a xuízo do departamento

correspondente, a bolsa siga contando cun número suficiente de persoas candidatas.

Se, por circunstancias excepcionais, non quedasen persoas candidatas nunha lista, poderase recorrer a bolsas de emprego de convocatorias anteriores da mesma especialidade de coñecemento, preferentemente ás máis recentes, ou, se non for posible, e por pedimento expreso previo do departamento, a bolsas das especialidades afíns quen determine o propio departamento para estes efectos.

Artigo 4. Procedemento de selección

Logo de realizar a convocatoria dunha bolsa de emprego, o procedemento de selección efectuarase de acordo co establecido na normativa vixente que regule o procedemento para a selección do persoal docente e investigador, para contratar profesorado substituto.

A comisión de selección elaborará e fará pública a relación ordenada de todas as persoas candidatas.

Artigo 5. Contratación

1. Logo de acordar a contratación, ofrecerase o contrato ás persoas que figuren na bolsa de emprego. Para estes efectos, non se terán en conta aquelas persoas que xa estiveren a ocupar na Universidade unha praza de profesorado substituto cunha dedicación igual ou superior á ofrecida, agás cando o chamamento for para unha especialidade de coñecemento diferente á da praza que estea ocupando. Neste caso, a persoa poderá optar á nova contratación renunciando a anterior por unha única vez no curso académico.

2. As ofertas de contratación comunicaranse mediante correo electrónico, para o que se empregarán os medios de contacto que figuren na solicitude que as persoas candidatas presentasen para concorrer aos respectivos concursos.

3. As persoas candidatas deberán responder no prazo máximo de dous días. De non o faceren, entenderase que renuncian ao contrato e este se asignará, de entre as persoas candidatas que respondan afirmativamente, a aquela que ocupe o lugar máis elevado na lista.

4. Logo de que a persoa candidata acepte a oferta, contratarase de acordo co establecido na normativa vixente que regule o procedemento para a selección do persoal docente e investigador, para contratar profesorado substituto.. Non obstante, o prazo para asinar o contrato será de tres días hábiles.

5. Logo de finalizar o contrato, as persoas candidatas reintegraranse na bolsa de emprego no posto que ocupaban orixinariamente.

Disposición adicional. Habilitación

Habílitate a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta norma, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición transitoria. Réxime transitorio

Mentres non se realice unha convocatoria específica de bolsas de emprego para unha especialidade de coñecemento, esta quedará constituída polas persoas que concorresen a procesos selectivos de prazas de profesorado substituto, profesorado axudante doutor ou profesorado asociado, nunha determinada especialidade de coñecemento e que figuraren na proposta de provisión sen resultar adxudicatarias das prazas citadas.

A orde de prelación entre os diferentes procesos selectivos será a seguinte: en primeiro lugar, consideraranse as prazas de profesorado substituto; en segundo lugar, as de profesorado axudante doutor e, en terceiro lugar, as de profesorado asociado. Dentro de cada categoría terán preferencia os concursos máis recentes dentro dos que se realicen no ano académico de referencia.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Derrógase o Procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes, que aprobou o Consello de Goberno o 30 de xuño de 2006, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto neste acordo.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad